



**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**  
**Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia**

**Materia: Técnica de conservación preventiva dos bens pictóricos II**

**Departamento: Conservación e restauración de pintura**

<b>Formación básica</b>	<b>Curso: 3º pintura</b>	<b>Cuadrimestral</b>	<b>2 ECTS</b>
-------------------------	--------------------------	----------------------	---------------

**Teórica**

**Profesora: Ana Villarquide Jevenois**  
**anavillarquide@gmail.com**

**Horario: 2 horas semanais**

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Procedementos específicos de conservación preventiva dos bens pictóricos *in situ* e a súa exposición.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuir coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos a a súa capacidade de xerar valores significativos.

**COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN**

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X9	Coñecer e aplicar a deontoloxía profesional e a normativa relativa aos bens culturais e a súa conservación e restauración.

**UNIDADES DIDÁCTICAS**

<b>Unidades</b>	<b>% no total da materia</b>
Condições específicas de CP de BBCC pictóricos.	25%
Recomendacións para a exhibición. H.R, temperatura, luz, contaminantes. Materiais e sistemas específicos para a CP.	40%
Sistemas de exposición específicos. Vitrinas	15%
Exposición de obras pictóricas. Pendurado e iluminación da obra.	15%
Marcos.	5%

**PLANIFICACIÓN DOCENTE**

<b>Metodoloxías</b>	<b>Horas aula</b>	<b>Horas fóra</b>	<b>Total</b>
Sesión maxistral	36		36



Traballo autónomo		14	14
<b>Total</b>	<b>36</b>	<b>14</b>	<b>50</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Traballo autónomo	Estudo dos contidos expostos polo profesor. Resolución de problemas e exercicios de forma autónoma: Actividade na que se formulan problemas e exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver a análise e resolución dos exercicios de forma autónoma.

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Cualificación das probas	60%
Traballo tutelado	Calidade do traballo e da presentación	20 %
Lectura e comentario textos	Calidade do comentario	10%
Observación sistemática	Asistencia a clase, participación na exposición de debates e traballos propostos, e entrega dos mesmos nos prazos fixados.	10%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

#### OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- A asistencia é obrigatoria. Deste modo, a non asistencia ás clases repercutirá na cualificación (nun 10%, o alumno poderá ser cualificado cun 0 no apartado “Observación sistemática”).
- Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado ou os exames propostos ao longo do curso.
- Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizarase un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.
- Os alumnos deberán realizar todos os traballos e exames establecidos ao longo do curso. A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, comprendendo esta os contidos teóricos e todos aqueles relacionados cos traballos ou lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación.
- Os alumnos que non superen a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.
- Na avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita que poderá conter probas específicas cando se consideren necesarias para unha correcta avaliación.

#### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías poderán ofrecerse tanto durante as horas establecidas para este fin como durante as sesións presenciais de docencia na aula.

#### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Oxygen-Free Museum Cases. The Getty Conservation Institute, 1998. [http://www.getty.edu/conservation/publications\\_resources/pdf\\_publications/pdf/oxygenfree.pdf](http://www.getty.edu/conservation/publications_resources/pdf_publications/pdf/oxygenfree.pdf)
- Entre dos terremotos, Getty & ICCROM, 1987. [http://www.getty.edu/conservation/publications\\_resources/pdf\\_publications/pdf/entre\\_dos.pdf](http://www.getty.edu/conservation/publications_resources/pdf_publications/pdf/entre_dos.pdf)
- Michalski, Stefan, Temperatura incorrecta, Canadian Conservation Institute, 2009. <http://www.cci->



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ESCOLA SUPERIOR  
DE CONSERVACION  
E RESTAURACION  
DE BENS CULTURAIS  
DE GALICIA

Rúa Xeneral Martitegui s/n  
36002 Pontevedra. Tlf: 886159735  
escola.conservacion.galicia@edu.xunta.es  
<http://escolaconservacion.gal>

[icc.gc.ca/caringfor-prendresoindes/articles/10agents/chap09-spa.pdf](http://icc.gc.ca/caringfor-prendresoindes/articles/10agents/chap09-spa.pdf)

- Michalski, Stefan, Humedad relativa incorrecta, Canadian Conservation Institute, 2009. <http://www.cci-icc.gc.ca/caringfor-prendresoindes/articles/10agents/chap10-spa.pdf>
- Guía ERCO. [http://www.erco.com/download/data/30\\_media/25\\_guide\\_pdf/130\\_es/es\\_erco\\_guide\\_6\\_lighting\\_technology.pdf](http://www.erco.com/download/data/30_media/25_guide_pdf/130_es/es_erco_guide_6_lighting_technology.pdf)
- LAURENT SG Sozzani, AN ECONOMICAL DESIGN FOR A MICROCLIMATE VITRINE FOR PAINTINGS USING THE PICTURE FRAME AS THE PRIMARY HOUSING, JAIC 1997, volumen 36, numero 2, artículo 1 (págs. 95 a 107). [http://cool.conservation-us.org/jaic/articles/jaic36-02-001\\_5.html](http://cool.conservation-us.org/jaic/articles/jaic36-02-001_5.html)
- RecoveringWater-DamagedCollections. <http://www.filext.net/txt/50469505h32i0>
- Paul Marcon, FUERZAS FISICAS, Canadian Conservation Institute, 2009. <http://www.cci-icc.gc.ca/caringfor-prendresoindes/articles/10agents/chap01-spa.pdf>